

# ROMARÍA DAS PASCUILLAS 2014

## A Caridade, corazón da Vida da Fe



Despois de termos celebrado os 50 anos da Coroación da Virxe da Franqueira e, rematado o Ano Xubilar, estamos a recoller os froitos espirituais que o Señor derramou sobre de nós, os fillos da Stma. Virxe da Fonte. Foi un ano moi intenso, e que, desde a oración agradecida, a acollida da conversión, a vivencia da misericordia divina, renovamos a nosa devoción e estamos chamados a facela vida na caridade. Este ano, a nosa Diocese, convidanos a que nos presentemos ante o mundo co mellor agasallo que podemos entregar, froito da nosa fe e da construción do Reino pola acción do Espírito: a Caridade.

O lema deste curso, “A Caridade, corazón da Vida da Fe”, é unha invitación a sermos os crentes, nestes momentos duros e difíciles, os que deamos un testemuño claro do amor de Deus. Así, os romeiros que acoden á Franqueira, coa alegría propia da fin da Pascua e da efusión do Espírito, reunímonos en asemblea de oración coa Virxe María. A Eucaristía, fonte do amor divino, que se celebra reunindo a todas as parroquias, fai que a ofrenda sexa signo dos nosos mellores desexos, e que, a Nosa Señora nos axude a dar froitos abondosos.


Neste ano, quen mellor pode facer a ofrenda á Virxe en nome de todos os peregrinos son os **“Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres”**. Desde hai 10 anos veñen peregrinando nesta Romaría con voluntarios, enfermos e colaboradores desta obra caritativa. Esta comunidade foi fundada polo irmán Antonio Jácome Pumar, natural da Ribeira Sacra ourensá, en Barcelona. Inspirada no espírito de S. Camilo están dedicados ós enfermos e excluídos confiando plenamente na Providencia. Desde 1966 están presentes en Vigo, e actualmente, esta pequena comunidade atende unha grande obra caritativa: enfermos pobres, transeúntes, toxicómanos... en total case 200 persoas, e sempre confiando na Providencia.

Teñamos tamén un recordo moi especial neste día por **D. Xosé Manuel Bernárdez Gándara**, sacerdote misionero en Zambia, falecido hai uns meses, e que o ano pasado nos acompañou nesta Romaría. El, dedicado ós máis pobres de África, construíu na Misión unha capela en Honor á Virxe da Franqueira. Á nosa Señora encomendamos o seu eterno descanso.

***Fagamos da nosa vida ofrenda de caridade.  
Nosa Señora da Franqueira, Roga por nós***

# CANTOS DA EUCARISTÍA

## CANTO DE ENTRADA



*A nosa tristura infinita so se cura cun infinito amor.  
Unidos a Xesús, buscamos o que El busca, amamos o que el ama.  
(Papa Francisco)*

**XA NOS TES AQUÍ  
NOSA NAICIÑA DO CEO  
TEU AGARIMO NOS ENCHA  
DA LEDICIA DE VIVIR**

1.- Nós vimos, moi ledos  
para estar contigo.  
Nós vimos, moi ledos  
pra te querer máis

2.- Queremos un mundo  
que sexa máis puro  
queremos un mundo  
moito máis humano.

## LITURXIA DA PALABRA

*A Palavra de Deus ensina que no irmán a permanente prolongación da  
Encarnación para cada un de nós: "O que fixestes a un deste irmáns meus  
máis pequenos, fixéstelo a min" (Papa Francisco)*



**A Misericordia do Señor, cada día cantarei.**

## PREPARACIÓN DO ALTAR

*O corazón de Deus ten un sitio especial para os pobres,  
tanto que El mesmo fíxose pobre (Papa Francisco).*

## HIMNO A S. CAMILO

Gloria eterna al gran Camilo, serafín de caridad  
al Patrón de los enfermos, alabemos sin cesar.  
Su piedad hoy imploremos  
y cantemos en su honor.

**Gloria eterna al gran Camilo  
gloria al santo del amor.**

Junto al lecho del enfermo,  
fuiste padre sin igual;  
y curaste sus heridas con cariño maternal.  
Llegue a ti nuestra plegaria,  
¡Oh gran santo intercesor!

Benedicid a los enfermeros,  
servidores del dolor,  
y amparadlos bondadoso  
cual celeste protector.  
Y en los santos hospitales  
se os aclame con fervor.


Por enfermos y enfermeros  
y por todo el hospital;  
intercede ¡Oh gran patrono,  
ante el trono divino!  
Entre tanto tus devotos repetimos con fervor

## COMUNIÓN

*Todo ser humano é obxecto da tenrura infinita do Señor; El mesmo habita na súa vida.  
Xesucristo deu o seu Sangue na cruz por esa persoa (Papa Francisco)*

**Acharte presente na vida,  
fiarme de ti sen te ver  
levar unha luz acendida,  
querer e deixarse querer.**

1.- Andar canda Ti o camiño  
vibrar o sentirte falar,  
tomar o teu pan e o teu viño  
doerme de verte marchar.



2.- Prender no teu lume unha tea,  
saber acoller a quen ven,  
doar a quen nada me dea,  
partir co irmán que non ten.

3.- Abrirche se petas a porta,  
deixarte sentar no meu lar,  
saber o que oírte me aporta,  
quedarme contigo a velar.

**Salve, Virxe Bendita María  
Salve Raíña de ceos e terra,  
Salve, Virxe da Franqueira,  
Salve, Salve, Salve Nosa Nai.**

1.- De xeonllos  
prostrado ás túas plantas,  
suplicante conrito che pido  
que me mires cal fillo querido,  
que me mires con ollos de amor.  
Ti que é-lo consolo dos tristes,  
da remedio ós fondos pesares.  
Ti que é-lo luceiro dos mares  
alumea o meu corazón.



2.- Fai, Señora, que tódolos homes  
poidan ser da túa gloria testigos,  
e da a tódolos meus inimigos  
paz, amor, caridade e perdón.  
Fai, Señora, que nunca os erros  
teñan casa no meu pensamento.  
Non te apartes de min un momento  
cando o demo me veña a tentar.

3.- Fai que a alma,  
que toda che entrego,  
chegue ó ben por que tanto suspira  
e perdoa a moi toska lira  
que che canta esta pobre canción.  
Porque quero gozar dos consolos  
da católica fe en que creo,  
porque quero despois ir ó ceo,  
para decote as túas glorias cantar.

## Oración á Virxe

Santa María, Nai de Deus,  
ti décheslle ó mundo a verdadeira luz,  
Xesús, o teu Fillo, o Fillo de Deus.  
Entregácheste por completo  
á chamada de Deus  
e convertícheste  
en fonte da bondade



que abrolla de El.  
Amósanos a Xesús. Lévanos cara El.  
Ensínanos a coñecelo e amalo,  
para que tamén nós poidamos chegar  
a ser capaces de un verdadeiro amor  
e a ser fontes de auga viva  
no medio dun mundo sedento.

# HORARIOS DO SANTUARIO

## Horario de Misas

Mércores ás 6 da tarde

Sábados ás 6 da tarde

Domingos ás 11 da mañá e ás 5 da tarde

Tódolos días 8 de mes ás 12 da mañá e ás 6 da tarde, Misa solemne, excepto os domingos ás 11 da mañá e 5 da tarde.

Os meses de xullo e agosto haberá Misa de luns a venres ás 8 da tarde

Do 9 ó 30 de setembro, de luns a venres ás 6 da tarde.

**Confesión:** Antes da Misa

**Oración -retiro mensual:** Domingo seguinte ó día 8 de cada mes despois da Misas das 5

**Oración polos enfermos:** Último domingo de mes despois da Misa de 5

**Catequese:** Sábados ás 5 da tarde

**Ensaio do Grupo coral "Nosa Señora da Franqueira":** Martes ás 7 da tarde

**Grupo de Cáritas:** Quincenal luns ás 9,30 da mañá

**Aula de Biblia "Virxe da Fonte":** Primeiro sábado de mes ás 7 da tarde

## CALENDARIO

### Xuño 2014

**31-8: Novena das Pascuillas.**

**8: Pentecostes, Día do Apostolado Segrar.**

**9: Romaría das Pascuillas**

19: Santísimo Corpo e Sangue de Cristo. Día da Caridade

27: Sagrado Corazón de Xesús

28: Inmaculado Corazón de María

### Xullo 2014

Meses de xullo e agosto, de luns a venres, Misa ás 8 da tarde.

16: Virxe do Carne

25: Santiago Apóstolo.

Días dos misioneiros da Diocese

**26: Día dos maiores**

### Agosto 2014

**2: X peregrinación á Cruz da Paradanta e ó Coto da Vella**

5: Basílica de Santa María a Maior de Roma

**15: Asunción da Virxe.**

*VI certame de Música antiga*

**30: Comezo da Novena da Franqueira.**

**29: VI Peregrinación nocturna de xóvenes**

**31: Día dos enfermos**

### Setembro 2014

**30 ago- 7. Novena á Virxe da Franqueira**

**5: Día das familias**

**6: Funeral polos devotos**

**6: Día dos nenos**

**7: Proceción das Antorchas**

**7-8-9: Romaría da Franqueira**

**Natividade da Virxe María**

A partires do 8, Misa de luns a sábado ás 6 da tarde.

**28: Romaría dos Poxos. Recollida de alimentos e colecta para a Misión en Zambia.**

### Outubro 2014

Nos domingos: rezo do Rosario

19: DOMUND

**25: XII Peregrinación do Rosario desde a Lamosa á Franqueira**

Santuario de Nosa Sra da Franqueira  
Igrexa, 1. 36.889. A Cañiza. Pontevedra

[www.afrankeira.org](http://www.afrankeira.org)

[info@afankeira.org](mailto:info@afankeira.org)

